

Da poesía no ano da morte de Lois Pereiro

Helena González Fernández

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (2011 [1997]). “Da poesía no ano da morte de Lois Pereiro”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 193-199. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1590>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, HELENA (1997). “Da poesía no ano da morte de Lois Pereiro”. *Anuario de Estudios Literarios Galegos*: 1996, 193-199.

* Edición dispoñíbel desde o 21 de decembro de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

DA POESÍA NO ANO DA MORTE DE LOIS PEREIRO

Helena González Fernández

1

Este ano decorreu ateigado de polémicas e discusións de carácter xeracional nas que — permítaseme por un intre ser partidista— algúns non foron quen de ver con espírito aberto e dialogante que a rebelión, a morte do pai e o rexeitamento dos devanceiros, era realmente un exercicio de senlleira tradición na nosa literatura, e mesmo necesario. A polémica, no fondo demasiado trivial, non engade gran cousa a un xénero minoritario de seu que loita por ser normal pero que non acaba de entender a anormalidade propia do seu entorno; un entorno, que parece seguir pensando nos poetas coma nunha especie de santóns ou de bens inmobles e intocables. En realidade, a situación é bastante semellante á que se vive noutros sistemas literarios próximos (sobre todo o español e o catalán, ós que somos tradicionalmente permeables).

A poesía non é só un espacio ritual de palabras, unha liturxia para iniciados ou un exercicio onanista. Non existe un canon uniforme (nin é preciso) que domine con claridade, e como demostra dabondo o panorama editorial do ano pasado, conviven múltiples concepcións do xénero e, sobre todo, modelos diversos para construír pontes ata o lector. Modelos que non son mellores nin peores; simplemente lle son máis ou menos axeitados a cada poeta. De novo atopamos compromiso (e, máis a miúdo, compromisos diferentes que se van amoreando), narratividade, achegamento á oralidade, creación de espazos simbólicos con motivos novos (tirados do cotián ou do regreso á infancia, por exemplo), provocación e experimentación coa lingua. Con estes ingredientes están a crear as súas receitas os poetas mozos nas súas cociñas.

[194] Nesta insistente construción de pontes, nesa procura da comunicación co lector, ensaiando vías ben diversas, teiman un feixe de autores que publicaron neste ano pezas melloradas da súa obra: un recuperado Anxo Quintela, que sorprende pola súa novidade e pola orixinalidade da súa proposta; a imprescindible Chus Pato, mantedora dunha das poéticas máis provocadoras e rupturistas dos noventa; o sempre innovador Fran Alonso, empeñado en levar a poesía ás leiras do cotián, do realismo suxo e do compromiso; Antonio R. López, que regresa cheo de ironía e contrastes; e dúas voces novas, Helena de Carlos, cunha sólida proposta intimista, e Estevo Creus, se cadra o poeta revelación do ano, que se apunta ó grupo dos que optan pola linguaxe inxel da infancia e as propostas enganosamente *naïf*. E aínda cómpre facer mención nesta presentación inicial a outros autores abondo coñecidos que reaparecen este ano: a sempre citada Pilar Pallarés, que reaparece logo de tantos anos de silencio e nos ofrece o seu mellor libro, e mais Xesús L. Valcárcel, que deu cabo a un ciclo e publica de por xunto as súas entregas poéticas.

Na poesía desta fin de século (nada decadente, por certo), o simbolismo e maila ruptura de xéneros son dúas ferramentas características e recorrentes. O simbolismo é un procedemento de vello; neste caso a súa novidade radica en desposuír esta estratexia expresiva da súa transcendentalidade *a priori* (a miúdo asociado ó etéreo, o críptico ou o místico) e en construír universos simbólicos inesperados que se acheguen á realidade ou á infancia (nunca inocente).

Estevo Creus, un dos poetas revelación, con a penas vinteún anos, tira do prelo o seu primeiro poemario, *Poemas da cidade oculta* (Xerais), no que se agocha tras unha pretendida inxenuidade que atopamos tamén noutros poetas da súa idade. Constrúe unha viaxe a un espacio imaxinario, cheo de animais e referencias máxicas certamente sorprendentes. Entre elas, as baleas que lle toma emprastadas a Luísa Castro e que el reviste de novos significados, mais tamén os camelos que lle cómpren para facer a súa travesía no deserto (motivo de significados simbólicos ben reveladores).

Segue acentuándose a ruptura cos xustillos convencionais do xénero que xa viñamos apreciando en anos anteriores: a transgresión de certas pautas formais, narrativas, temáticas e mesmo lingüísticas. Pola contra, hai un achegamento maior, xa o indicamos, á oralidade e á narrativa, por iso ás veces os poemarios semellan retallos de historias sobrepostas que esixen a complicidade tácita do lector no proceso final de construción. Esta enganosa fragmentariedade debe ser entendida, xa que logo, como unha invitación á lectura activa. Nalgúns casos estes retallos conforman unha unidade fiada e secuenciada como se se tratase dunha peza narrativa convencional. *Aurum* de Xesús Valcárcel sería, neste senso, un exemplo case monumental pola súa extensión e polo empeño en marcar expresamente esa unidade arquitectónica no paratexto, máis en concreto, nos resumos que encabezan cada un dos libros.

A estratexia narrativa máis interesante é a da multiplicación e o estrañamento do suxeito poético. Así, nas obras máis experimentais rexéitase a tradicional tensión entre o suxeito e o obxecto que segue a ser funcional naqueles textos intimistas que procuran a verosimellanza e o ton testemuñal (como o de Pilar Pallarés e Helena de Carlos).

[195] En *Tortillas para os obreiros* (Espiral Maior) Fran Alonso opta polo estrañamento total do suxeito fronte ás dúas secuencias que se van alternado, como se se tratase de dous monólogos entrecortados (o da muller que fai tortillas e mais o do mozo drogadicto que xace moribundo nun hospital). Píntanse dúas alienacións, dúas agonías en situación extrema e ó cabo ambas e dúas secuencias, presentadas como exemplos paralelos da soidade, dan en compor xuntos unha terceira historia que só se pode reconstruír ó remate da lectura. Fran Alonso, que estivera nestes últimos tempos máis adicado á narrativa cá poesía (lémbrese que os seus anteriores poemarios, *Persianas*, *pedramol e outros nervios* e mais *A lúa no probador* apareceron en 1992), experimenta neste libro un recurso narrativo que subverte o concepto xeral de poeticidade. Nin o ton, nin a vertebración das dúas secuencias, nin a linguaxe forman parte das convencións do discurso poético e, aínda así consegue que a da súa fotografía expresionista da realidade xurda un texto suxerente, unha paisaxe de batalla que laña a emoción do lector. É o afastamento do suxeito o que leva estes dous retratos ós cómaros do realismo suxo, incómodo e fondamente comprometido coa realidade. No libro atopamos un bo mangado de motivos recorrentes en toda a súa obra literaria.

Pola súa banda, Anxo Quintela en *O asasino estrábico* (Xerais), un dos libros máis sorprendentes, preséntanos un enganoso personaxe que fala en primeira persoa pero que ten unha relación dobre consigo mesmo e co seu entorno por cousa do seu estrabismo. Trátase, como é evidente, dunha mostra física da súa patoloxía psíquica, a dobre personalidade, e ó tempo serve como marca discursiva, a do dobre estrañamento do suxeito, que non é habitual en poesía mais abunda na narrativa, decote con personaxes tolos ou con outro tipo de alteración psíquica. Postos a querer xogar coas forma poéticas, Anxo Quintela volve, logo de quince anos de silencio desque gañara o Premio Esquíu con *A sombra dos pavillóns*, cun poemario ousado, escrito en décimas con coda coma se fosen capítulos esfarrapados dunha novela. O humor e a ironía, que aparecen decote no libro (como a divertida parodia da anunciación do anxo que encabeza a segunda parte ou a visión da patria como “vaca nación”) acentúan aínda máis a rareza da fórmula empregada. O asasino estrábico ofrécenos unha visión dobre de temas recorrentes (a propia existencia, a literatura e a nación). A maior orixinalidade radica nas fórmulas empregadas.

A ruptura co xénero pona en práctica de xeito ben diferente Chus Pato, da que este ano temos dous poemarios, *A ponte das poldras* (Noitarenga) e *Nínive* (Xerais). Convencida do poder subversivo das palabras, continúa no seu proceso de deconstrución e reapropiación que xa caracterizou a súa obra anterior, e que resulta especialmente interesante en *A ponte das poldras*, o seu poemario máis metadiscursivo. Nel mantén os trazos que viñan caracterizando toda a súa obra poética: a ruptura coa sintaxe e coa narración lóxica, a combinación de distintas lonxitudes no verso e a mestura de diversos rexistros. *Nínive*, pola súa banda, segue a liña moito máis críptica dos poemarios anteriores (*Urania*, *Heloíssa* e *Fascínio*), amoreando continuos xogos de referencias, nos que se condensa a multiplicidade de linguaxes e universos ós que ela é permeable. A súa é unha das poéticas máis comprometidas que temos no panorama galego, e por iso aposta pola resistencia integral.

3

[196] O sempre necesario capítulo de premios este ano ten que ser breve por forza. Os libros premiados nos certames poéticos de máis sona que foron publicados no 96 (cando redactamos estas liñas aínda non saíu do prelo o Premio Miguel González Garcés) a penas engaden nada novo. Os xurados seguen amosándose conservadores e, xa que logo, os premios a penas cumpren o seu cometido principal. ¿É que non se presentan máis cós poetas conservadores e os ecoicos a este tipo de galardóns? ¿Será que os certames de máis tradición, que tanto axudaron á construción dunha poesía “normal” hai uns anos, quedaron ancorados naqueles tempos? E, daquela, ¿paga a pena manter así estes premios?

Miguel Anxo Fernán—Vello, gañador do V Premio Martín Codax con *As certezas do clima* (Galaxia) e mais Xavier Seoane, que obtivo o XV premio Esquíu con *Umbral de vida* (colección “Esquíu”) manteñen cadansúa liña poética. E Xosé Miranda, que se estreaba no xénero logo de colleitar seguido premios na narrativa, ve publicados ó tempo dous libros. Por unha banda, o seu accésit ó Premio Esquíu, *Sonetosfera* (colección “Esquíu”), no que tenta romper a aura transcendente e retórica que tradicionalmente se asocia ó soneto para convertelo nunha fórmula máis actual e máis achegada ó discurso poético moderno. Por outra, un prosaico *Amantes e viaxeiros* (Castro), pero máis interesante có anterior, gañou o V Premio Eusebio Lorenzo Baleirón, un certame que sempre se caracterizou por

apostar a contracorrente. Nel reescribe e actualiza os lendarios Tristán e Ulises, e aínda a San Ero de Armenteira.

No tocante ó Premio de Poesía Espiral Maior, que vai pola cuarta edición, presenta características diferentes pola súa propia especificidade. O feito de que só poidan concorrer autores inéditos obriga a apostar por voces aínda inmaduras e, sobre todo, á necesaria dose de renovación. Nesta ocasión gañou o premio Cristina Cabada con *Sombra acesa* (Espiral Maior), un libro sorprendente que camiña pola vía do mellor intimismo, e o accésit Anxos Romero por *A estatua*, de xorne moito máis telúrico.

4

Curiosamente este ano comprobamos que son as mulleres as que volven con máis éxito ós pagos do intimismo. Á par do libro de Cristina Cabada que acabamos de citar, aparecen na mesma colección Pilar Pallarés e Helena de Carlos, con *Livro das devoracións e Alta casa*.

Pilar Pallarés, logo de tan delongado silencio, ofrécenos uns textos descarnados, construídos sobre un poderoso existencialismo. A estratexia do estrañamento volve aparecer neste caso. O poemario transcribe, na ficción, os textos apuntados con exactitude de escribán. O libro segue a ser o espacio simbólico da verdade, resume o universo e serve como guieiro vital (lémbrese o *Códice calixtino* de Luz Pozo como precedente máis inmediato na poesía galega). Sen dúbida é este o seu mellor poemario. Pero, sobre todo, Pilar Pallarés investiga no seu interior e atopa un mundo animal que lle fornece o material para a construción deste universo persoal. Pola súa banda, Helena de Carlos xa se nos fora amosando desde ben noviña en revistas diversas (non hai que esquecer que *Festa da Palabra Silenciada* é estación de partida para case toda a literatura de muller que se escribe en Galicia, e de xeito [197] especial a poesía), e, sen embargo, aínda presenta agora o seu primeiro libro, cunha voz madurecida e un universo poético interior (a “alta casa” que lle suxeriron os versos de Virxilio) que sabe casar experiencia e lecturas. Sorprende que a súa teimuda busca da sinxeleza e a nudez (imprescindibles nos textos intimistas) calle nuns textos tan maduros e naturais (a sinceridade conseguida co ton autobiográfico de “Demos de Armeses” é exemplar) e que invitan á identificación inmediata do lector. E, cun diario lírico da súa experiencia como nai reaparece Xela Arias con *Darío a diario* (Xerais), escrito con voz sincera e testemuñal.

5

Lino Braxe ofrécenos *Entre ruínas* (Espiral Maior), un poemario decadentista (posiblemente, xunto cos textos de *Territorios*, o máis interesante da súa obra en poética) construído con textos breves e con moitas claves literarias, musicais e cinematográficas, que nos transporta con facilidade ós universos lendarios (onda o Artur, onda a Deusa Branca, onda o Merlín, onda os cabaleiros sen nome...).

Antonio R. López aparece de novo con dous poemarios, *Om* (Espiral Maior) e mais *O libro dos amados*. Nótase na súa escrita unha poderosa influencia das civilizacións orientais que el coñece tan ben (de aí lle vén o título a *Om*). Neste libro hai moito de transcendentalismo que se conxuga coa ironía, a sorpresa, a ruptura do ton e ese xogo deformante co realismo que aparece tan cargado de erotismo e que lle é tan característico.

O erotismo como provocación e subversión aparece dun xeito moito máis marcado en Olga Novo, en certo xeito moi próxima a Lupe Gómez polo que fai á ruptura, á reivindicación do malditismo feminino e á voz enganosamente inxenua, e mesmo a Estevo Creus no empeño por construír un espazo de seu ategado de animais e maxia. Mais, en *A teta sobre o sol* (Edicións do Dragón) Olga Novo está moito máis empeñada no erotismo e na construción dun vocabulario poético do sexo que ela coñece tan ben como estudiosa da obra de Claudio Rodríguez Fer.

Seguindo liñas moito máis experimentalistas no formal, Positivas, na súa colección “Di-versos” (caracterizada por unha liña provocadora e rupturista) os dous libros máis sorprendentes pola súa forma. En forma de carpeta presenta Claudio Rodríguez Fer os seus sempre sorprendentes obxectos poéticos baixo o título *Extrema Europa*, unha nova entrega da poesía erótica, patriótica e de experimentación coa lingua que o vén caracterizando. Como un xogo de sorpresas poéticas, o lector vai descubrindo caderniños, desprezables e postais que se complementan coas ilustracións de Sara Lamas. Pola súa banda, o ata agora descoñecido Carlos Santiago ensaia toda caste de xogos coa disposición visual do texto e mais coa tipografía no seu primeiro poemario, *Metalurxia*. Trátase dun libro urbano, dadaísta, caótico (como o mundo que pretende retratar) e fortemente irónico, que fai da transgresión a bandeira de todo o poemario (linguaxe soez, voluntario prosaísmo, xogo cos rexistros...).

Un ata agora descoñecido Xosé Leira López, e que sen embargo formara parte na etapa fundacional de Rompente, sae do prelo cun libro de poemas breves, espidos e por veces debuxados, *Canto custa instalarse no amor* (Espiral Maior), no que os poemas do amor e da patria comparten unha procura da esencia das palabras, da forza que se agocha detrás de frases que prefiren a sinceridade ó artificio. Leira, que sae do prelo con dúas tarxetas de presentación (a de Méndez Ferrín e [198] mais a de Fermín Bouza Álvarez), nada ten que ver co experimentalismo que adoito asociamos a Rompente ou ós seus membros máis emblemáticos mais é, sen dúbida ningunha, unha das propostas máis interesantes que ten dado o minimalismo en Galicia, porque foxe do verbalismo baleiro e presuntuoso que a miúdo agochan os silencios (os enormes espazos en branco da páxina, logo) dalgunhas outras mostras que viñeron aparecendo nos últimos anos.

6

Reaparecen Xavier Seoane (*Umbral de vida*, colección “Esquíu”), Pura Vázquez (*Maturidade*, Fundación Otero Pedrayo) e mais a voz paisaxista de Manuel María (*O Miño canle de luz e néboa*, Espiral Maior), que servía para conmemorar os 50 títulos da colección máis emblemática da editorial, “Espiral Maior Poesía”.

Mais, sen dúbida, a reaparición máis sorprendente foi a do poemario póstumo de Xosé Alexandre Cribeiro, *A señardade no puño* (Espiral Maior), que nos permite rescatar unha voz fondamente comprometida no momento de facer balance. Trátase dun poemario de militancia ideolóxica e existencial que desde a individualidade, desde a señardade e desde a consciencia de estar na recta final, fai o retrato en claroescuro dunha xeración por forza comprometida e que viviu moi á par dos acontecementos históricos. No poemario hai moito de compromiso e de balance, pero sobre todo, de ganas de liscar das lembranzas as pantasma. Cribeiro, nada amigo da pirotecnia nin de enguedellos retóricos, legounos uns fermosos textos de poesía necesaria, a súa memoria lírica, a memoria tamén dunha xeración.

No eito da reedición cómpre salientar dous textos que xa eran en boa parte coñecidos pero que se arrequeñan con novos poemas: *Cántigas de alén* (Consortio de Santiago) de José Ángel Valente e *Aurum* (Sons Galiza) de Xesús López Valcárcel. Ambos e dous autores comparten unha idea de obra total que calla en dous resultados diferentes. Valente regresa de novo ás súas orixes galegas e faino amecendo á súa anterior versión do libro, de 1989, unha terceira parte formada por cinco textos. Neles o intimismo e a nudez, característicos de todo o seu labor poético, lévannos ó encontro primixenio coa terra, collidos da man de Luís Pimentel e da literatura medieval, dous referentes literarios que se axeitan ben. A verdade é que xa estamos acostumados a ver como Valente arrenda teimudo naqueles milleiros primeiros das *Sete cantigas de alén* (1981), outorgándolle á súa obra galega unha especificidade de seu dentro do conxunto da súa poesía, sen embargo, esta é a súa edición máis fermosa. Pola súa banda, Xesús Valcárcel ofrécenos nun só volume, e con arquitectura definitiva, todo o seu labor poético. Non se trata dunha simple compilación de poemarios xa publicados nin da arroutada necesidade de nos ofrecer a súa obra completa (pecado inxustificable á súa idade), senón de presentar de por xunto unha longa alegoría lírico—épica que veu aparecendo por entregas e que foi madurecendo á par do autor. Ós cinco libros xa publicados (*Tránsito*, *Emáin*, *Rosa clandestina*, *A porta de lume e Areas do fondo*) engádelles dous máis que confirman o peche do ciclo: *Muralla*, que funciona como limiar narrativo, e mais o libro sétimo, *Manual para aprendices*, que recolle os consellos do heroe para os que están a piques de empezar a súa viaxe iniciática. Xa se ten sinalado neste mesmo lugar (*vid. Anuario de Estudios Literarios Galegos 1992*) a orixinalidade da súa proposta, que milita na ruptura coas extremas convencionais dos xéneros. Así, da narrativa colle a estrutura diexética e mailo [199] distanciamento épico e da poesía as posibilidades que ofrece para a revelación e a suxerencia máis alá da lóxica e dos xustillos lingüísticos. *Aurum* demostra que é posible construír unha viaxe simbólica que actualiza e achega ós esquemas épicos universais, construíndo novos espazos míticos, nos que se casa a necesaria dose de identidade colectiva, de universalismo, de actualización do espazo mítico e mais de interioridade. Un consello: non se desatenda a lectura fiada do índice final. É unha utilísima guía da viaxe.

7

Este foi tamén un ano abondoso en antoloxías. Algunhas xurdían a prol de iniciativas ou conmemoracións solidarias, como *Desde mil novecentos trinta e seis. Homenaxe da poesía e da plástica galega aos que loitaron pola liberdade* (Castro), *Berra liberdade* (Galaxia), cun feixe ben pequeno de textos poéticos, ou *Coroa poética para un mártir. 35 poemas á morte de Alexandre Bóveda* (Xerais), unha interesante escolma de poemas editada por Xesús Alonso Montero que nos ofrece textos de difícil acceso. Entre eles o lendario “Os mortos desta banda non se van”, de Bárbaro Tomé (Farruco Sesto), que chegara a Galicia entre os seus *UPG poemas* e logo foi reproducido nunha das *Follas de resistencia poética* de Rompenpe. Outras son o froito da difusión da nosa poesía fóra. A máis polémica foi o monográfico da revista andaluza *Litoral*, coordinada por Luciano Rodríguez e Antonio Jiménez Millán, que deu en se achegar de máis á crónica parcial ó ofrecer só unha mostra da poesía dominante; a breve escolla de poesía galega incluída en *Antología della poesia spagnola*, ó coitado de Rosa Rossi e Valentí Gómez i Oliver, traducida ó italiano por Danilo Manera; e

mais a brasileira *Antología de poesía galega* de Yara Frasteschi Vieira, que mantén os textos na súa lingua orixinal acompañados por unhas poucas notas de carácter léxico. Mención á parte precisan *Baldío* (Edicións do Louro), con limiar de Marga Lorenzo, e que reúne sete poetas, novos e inéditos, do Porriño, e mais *Chineses* (*O Correo Galego*), que recolle oito propostas poéticas ben diferentes, que foran aparecendo no suplemento mensual do mesmo nome e no que participan poetas tan variopintos como Isolda Santiago, Antón R. López, Rafa Villar, Carlos Amado, Lupe Gómez, Anxo Quintela, Ana Romaní e Ricardo Martínez Conde.

Mais, posiblemente foi unha antoloxía de autor, *O pobo da noite* (Xerais) de Manuel Rivas, a máis rechamante de todas, por varias razóns. En primeiro lugar, por se tratar dunha antoloxía persoal que fornece moitas claves que complementan o seu universo literario, moito máis coñecido a través da súa obra narrativa. En segundo lugar, porque nos permite recuperar textos que xa non é posible atopar nos andeis das librerías. E, en terceiro lugar, pola xusta sona do autor.

CODA

Este ano morreu Lois Pereiro. Era unha morte anunciada por el mesmo e aínda así non deixou de sorprenden. O bo que teñen os poetas é que sempre lles herdamos os versos.